

A ESTACION RUPESTRE DE SARRIA

por LUIS J. Solla Fontan

Hai uns catorce anos, cando tiña mentes de coutar o roteiro mais probable do "Camiño de Santiago" que, dende o Hospital da Magdalena, a traveso da ponte "Da Aspera" sobre o río Celeiro, vai deica Barbadelo, atopei no medio dunha carballeira arrentes dun camiño carreiro unha pena con certos carrelos circoeiros de pouca profundidade, pro certamente tencionados. Fíxome isto cambear de teima, e esa misma mañán púxenme a percorrer e cachear outros vestixos arqueolóxicos semellantes que, complementando o achado, poideran roborar a súa autenticidade arqueoloxica. Días despois, na compañía dun fato de alumnos, fomos atopando algunas outras sinais mais de petroglifos ou insculturas.

Xa entónces, primavera de 1970, fixen chegar a noticia do achádego ó Sr. Director do Museo Provincial, por medio dun amigo común, don Xosé Penelas. En carta persoal, o Sr. Vázquez Seijas ofrecíaseme a facer unha visita a zona, tan pronto llo permitiran as súas ocupacións. Pensou que dita visita nunca se cumpliu, aínda que eu non podo roborar tales extremos xa que, meses despois, fun trasmudado polos meus superiores a outro colexio.

Cando, anos despois, voltei de novo a Galicia como profesor do colexio La Merced, de Sarria, proseguín a miña laboura a percupa de novos achádegos arqueolóxicos na comarca, na compañía, ás veces, dalgúns que outros alumnos, non sempre constantes.

A pescuda veu dando pouco a pouco os seus froitos. Hoxendía, pasan de trinta as penas e laxes con insculturas que temos catalogadas na comarca. Atópanse estas espalladas pola ribeira esquerda dos ríos Celeiro e Oribio, sobor dun solo granítico que abrange as parroquias de Barbadelo, Masiz, Betote e Lousadela (lonxitude W.M. 3º 43' - 3º 46'; latitude N. 42º 46' - 42º 49').

Masiz viría ser o centro principal deste xaxemento, tanto pola súa situación xeográfica como pola importancia dos achádegos.

Das insculturas atopadas ata hoxe en Galicia son as de Sarria, xunto coas do Incio, se se confirman como tales, as mais orientais da arte rupestre "atlántica". E clasificámolas como atlánticas ou de influencia atlántica xa que a case totalidade dos motivos veñen en coincidir cos mais frecuentes da cultura rupestre das nosas costas occidentais: Cazoletas, circos concéntricos, semilaberintos, espirais, serpentiformes, ferraduras, etc.

Tamén a técnica do trazado é semellante: Sulcos pouco afondados -ainda menos cos da costa-, de sección en U moi aberta e de bordos erosionados.

Sociedades culturais da comarca e o actual Director-Conservador do Museo Provincial, don Felipe Arias Vilas téñense interesado pola divulgación desta noticia, tanto na prensa diaria como nalgún outro medio mais axeitado ó rigor científico que o asunto se merece, ó mesmo tempo que se vai facendo un inventario de todos e cada un destes restos arqueolóxicos da estación sarriana.

A nivel local, xa se deron a coñecer estes achádegos nunha conferencia-coloquio, dada o 5 de marzo de 1979 na Biblioteca Pública Municipal, co tíduo de "**Grabados Rupestres en la zona de Sarria**", co gallo da inauguración do segundo ciclo cultural "**Cultura 79**", organizado por "**Meigas e Trasgos C.I.T.**".

Dado que na actualidade hai novos estudiosos da arqueoloxía nosa coa teima de acadar un traballo mais crítico en canto á selección de fontes e mais axeitado en canto a interpretación dos mesmos, mediante novos métodos de reclasificación e asociación, coido que é deber meu dar á publicidade todos e cada un destes achádegos, salientando os datos e notas características de cada ún pra que despois outros poidan aventurar teorías e interpretacións mais axeitadas e conclusivas.

Tamén haberá que ver a maneira de dar a coñecer o interés das penas nas bisbarras veciñas, quizáis mediante letreiros de sinalización, para escudir no posible o seu estrago. Pois xa, a causa da concentración parcelaria, apertura de pistas e construcción de granxas, algunas destas insculturas das que xa tiñamos información gráfica e escrita recollida, desapareceron nestes últimos anos.

Coa intención de que non se perdan totalmente estas testemuñas de noso pasado prehistórico é polo que me propón deixaquí constancia delas nas seguintes fichas e mostras gráficas.

Ó longo da beira esquerda dos ríos Celeiro e Oribio -que misturan as súas augas ó pasa-la vila de Sarria-, á esquerda tamén da vía férrea de Palencia á Coruña, á altura dos kilómetros 393-402 e entre as coordenadas xeográficas 3º 42' - 3º 46' de lonxitude W.M., e 42º 45' 40" e 42º 49' 40" de latitud N., atópanse situadas as parroquias de Barbadelo, Masiz, Arxemil, Requeixo, Betote e Lousadela, pertencentes ó concello de Sarria. Terras adiante destas parroquias, en lugares de carballeiras, piñeiro, silveiras e toxearias, sobor dun sólo granítico que se extende polo NO. deica ó Miño, atópanse ditos petroglifos dos que estamos a falar. Para a súa mais detallada localización, podémolos agrupar en cinco pequenas subestacións: As de Barbadelo, Zanfoga (Masiz), Santesteban (Masiz), Santa Cristina (Betote-Requeixo) e o Tosal (Lousadela).

BARBADELO

E a subestación menos enculcada. Atopamos nela media ducia de penas con sinais rupestres. En todas elas predominan os motivos de coviñas, hai algúns “vereiformes” e, nunha delas, a mais chamativa, algúns cruciformes e posiblementes algúns serpentiformes.

ZANFOGA

Mais cara ó NE., enmarcada polos castros de Paredes, Ortoá e Santestebo, sitúase esta segunda subestación. É onde se atopan mais penas insculturadas e as mais ricas en canto ó número e á variedade dos trazos. Chegan á vintena, aínda que algunhas xa non se atopan no seu sitio e outras foron destragadas polas obras feitas co gallo da concentración parcelaria e mais outras obras de particulares. A tipología que aquí se atopa cobre a maior e a mais frecuente gama de trazos do arte rupestre atlántico: Cazoletas, circos, semilaberintos, serpes, ferraduras e pegadas de animais, “vereiformes” ou “canleformes”, etc.

Nesta mesma zona alcóntranse o que poden ser restos dunha cámara dolménica.

SANTA CRISTINA

Ainda que é un monte de moita pena e laxe granítica non se atoparon mais de media ducia. E agás de dúas non teñen mais ca coviñas. Das outras dúas, unha xa foi engulida por unha canteira de brita, nembargantes consérvase foto e dibuxo dela. Da outra, xa falaremos mais adiante. Teño que decir que aínda só foi rastreada a vertente SO. deste monte.

O TOSAL

Entre a carretera a maila vía que vai de Sarria a Lugo, a altura do kilómetro 21 e 400, respectivamente, e no monte que uns chaman Tosal e outros de S. Cibrao, alcóntrase esta última subestación rupestre. As penas insculturadas atópanse a medio camiño entre o castro de Betote e o de Tosal ou Padriñán. As poucas que apareceron teñen só o tipo coviñas e nunha delas aproveitouse unha puncharca para dende ela, ir trazando canles ou “meandros”. Poidera ser unha pedra-ara ritual.

TIPOLOGIA DE SIGNOS

Seguindo un orden descente, podemos decir que os tipos de trazos mais abondosos son as cazoletas ou coviñas, os circoformes, os “cambeiriformes” ou “vereiformes”, os cruciformes e os fito-, zoo-, e antropomorfos (?).

1.- Cazoletas.

Son fochanquiñas feitas na superficie das penas. Teñen forma hemisférica cóncava e duns tamaños que van dende os cinco centímetros ata os trinta, pero os mais abondosos van dende os catro ós sete centímetros de diámetro na superficie e, entre dous e cinco, en profundidade, xeralmente. Algunha das penas chega a ter mais de cento vinte cazoletas, coma a de Barbadelo (Fig. 1 a, b, c), pero tamén as hai dunha soa. As mais abondosas son as que teñen entre tres e dez e os que teñen forma e tamaño de cazo.

Mentras que nalgúns penas aparecen só coviñas ailladas sen outros signos que as acompañen, outras veces aparecen en combinación e ata facendo conxunto con eles, coma no caso de centro de circos ou enlazados por canles ou "cambeiros" (Fig. 12 a-f).

Outras veces, pola artellada disposición das mesmas coviñas, pódese supoñer que os autores pretenderon relacionalas para dar a idea dun conxunto significativo (Fig. 15 a-c).

2.- Circoformes.

Son bastante abondosas, especialmente na zona de Zanfoga. Entre eles hai certa variedade en canto a disposición dos trazos. Pódese falar de circos concéntricos (Fig. 2 b), ou cun punto ou coviña no centro, circos con unha liña que sae do centro en forma de rabiño (Fig. 13 c), círculos semiconcéntricos que se interrumpen ou desaparece o trazado ou que se ven interrumpidos por trazos radiais e que amostran artellar un conxunto significante (Fig. 14 a-c). Algúns destes circos pódense clasificar coma semilaberintos, como os da figura 3 c.

3.- "Cambeiriformes" ou "vereiformes".

Nomeámolos con este neoloxismo porque nos tratados en uso non atopamos recollida nen a forma nen un nome axeitado ó que aquí recollemos. Son unhas liñas percorrentes que debalan dede o cumo da pena ata a súa faldra, cunha cáseque imperceptible ondulación. Aseméllanse os cambeiros, vereas ou meandros. Atópanse moitas nesta estación rupestre, e pódese decir que é típica e orixinal desta zona, poi ata ó presente non aparece recollida noutras estacións (Figs. 7, 17, 18).

Cáseque sempre saen dunha coviña e serpentean pena abaixo, unhas veces uníndose a outras; outras veces tocando noutras coviñas; pero, as mais das veces, perdéndose nun trazo esvencido.

4.- Cruciformes.

A maioría dos que atopamos, polas aristas mais vivas ou pola forma e profundidade do suco, pódense considerar de época distinta ós demás. Quizabes sexan de tempos mais achegados a nós (Fig. 1 a).

Non obstante, nunha de Barbadelo, na que se atopan xuntos na mesma pena varias cruces, non notamos esta diferencia nos trazos, pero inda así poida que sexan de tempos medievais ou posteriores, xa que se alcontra a uns trecentos metros da igrexa románica de Santiago de Barbadelo, punto importante para os pelegríns do Camiño de Santiago, frente á súa fachada principal.

5.- Outros motivos, escasos e curiosos

- Uns ondulados que poden ser clasificados entre os serpentiformes (Fig. 4).
- Outro ten unha forma de flor (Fig. 5).
- Outro poidérase interpretar coma un home en danza ritual (Fig. 13 a-c).
- Outro forma esquemática de machado (Fig. 4).

- Outro con forma de fouciño (Fig. 6 b).
- Outros en forma de ferraduras e de pegadas de cabalerías (Fig. 9 a, b).
- E outros mais con figuras áinda mais orixinais e extrañas (Figs. 1 b, 2 a-c).

PENAS INSCULTURADAS

Imos seguir unha descripción esquematizada que acompañe ás ilustracións gráficas, xa que coido que este é o método mais axeitado a unha laboura que fai mentes ser o mais técnica e fidedigna posible.

O orde en que se nomean as penas é sinxelamente xeográfico: Emprincipiamos pola mais ó SO. e rematamos pola derradeira do NE.

Penso que a mostra que ofrecemos nas fotografías é a millor testemuña e descripción que poderá amosarnos o valor e a importancia desta estación rupestre da Galicia interior.




Fig. 1 a



Fig. 1 b




Fig. 1 c

PENA DE BARBADELO

(Xunto á igrexa románica)

Localización en coordenadas: W.M. 3º 47' 02" - 42º 45' 07".

Dimensíóns da pena: 3 m. de N-S, 2,10 m de L-O.

Orientación da pena: E unha surxencia granítica redondeada.

Insculturas predominantes: Ten mais dun cento de coviñas, outras de maior grandor, cruciformes, serpentiformes...

Inscultura característica: Impresiona o conxunto con 148 insculturas contadas.

Orientación das insculturas: Acúganse hacia o centro-alto da pena.

Distancia de inscultura a inscultura: En xeral están moi mestas, pero mais no centro e mais espalladas contra a falda da pena.

Outras peculiaridades: As cruces poden estar relacionadas coas peregrinacións xa que están a poucos pasos dun santuario importante do Camiño... O demais pódese apreciar nas fotos.



Fig. 2 a



Fig. 2 b



Fig. 2 c

PENA DAS GRANXAS

(Entre o km. 2 e 3 da carretera de Sarria a Portomarín)

Localización en coordenadas: W.M. 42º 46' 32" - 3º 44' 41".

Dimensíns da pena: De SO-NE, 4 m.; de NO-SE, 2,50 m.

Insculturas predominantes: Circoformes, serpentiformes e zooformes (?).

Inscultura característica: A que ten unha forma de circos concéntricos combinados con outros trazos complementarios.

Orientación das insculturas: Están orientadas segundo a orientación da pena.

Distancia de inscultura a inscultura: Están moi espalladas e en zonas moi destragadas.

Outras peculiariedades: As posibles figuras de conxunto están moi incompletas polo estragada que está a pena. Queda aínda moita laxe por descubrir de campazo.




Fig. 3 a



Fig. 3 b



Fig. 3 c



Fig. 3 e

A PENA DO "CAMIÑO"

(Entre os kms. 1-2 da carretera de Sarria a Portomarín)

Localización en coordenadas: W.M. 42º 46' 44" - 3º 44' 18".

Dimensíóns da pena: 1,5 m. de largo y máximo de 1 m. de ancho.

Orientación da pena: Hoxe está de SO-NL.

Insculturas predominantes: Unha cova grande e circoforme. Algún das circoformes acércañase un pouco a uns laberintos.

Inscultura característica: O conxunto que forma un todo e unha especie de pequeno ou sinxelo laberinto...

Orientación das insculturas: Na dirección da pena.

Distancia de inscultura a inscultura: Están artelladas entre si.

Outras peculiaridades: Foi a primeira que alcontramos, cando andabamos na teime de coutar o Camiño de Santiago na bisbarra. Por isto chamámoslle a do Camiño. Foi removida do sitio primitivo e deixada na entrada dun pasteiro.

Fig. 4 a




Fig. 4 b



A PENA DO "DOLMEN"

(Entre Zanfoga e S. Vicenzo)

Localización en coordenadas: W.M. $3^{\circ} 44' 35''$ - $42^{\circ} 46' 34''$.

Dimensións da pena: Pouco mais dun metro cuadrado.

Orientación da pena: Non ten propriamente. Foi removida.

Insculturas predominantes: Só ten tres: unha cova grande, unha serpentiforme e outra en forma de machadiña.

Inscultura característica: O conxunto das tres que pode ser moi significante.

Orientación das insculturas: Cova ó N., serpentiforme ó SO. e a machada ó SL.

Distancia de inscultura a inscultura: Uns trinta centímetros entre elas.

Outras peculiaridades: Chamámoslle do "Dolmen" porque a un paso desta pena hai os restos claros dunha cámara dolménica e no primeiro momento relacionámola con él.

Os canles das insculturas son mais estreitos e como feitos cun instrumento metálico, aguzado.




Fig. 5 a



Fig. 5 b

A PENA "DA FLOR"

(Entre Zanfoga e S. Vicenzo)

Localización en coordenadas: W.M. 3º 44' 35" - 42º 46' 35".

Dimensión da pena: Un metro cadrado mais ou menos.

Orientación da pena: N-S.

Insculturas predominantes: Unha circoiforme e outro en forma de flor.

Inscultura característica: Está en forma de flor, pouco común.

Orientación das insculturas: O-E.

Distancia de inscultura a inscultura: Uns 60 cms.

Outras peculiaridades: Desaparecen debaixo dos cementos ou alicerces dunha granxa.

Despois de remarcalas cunha tiza, ó ir a tirarlle unha foto foi cando me din conta que tiña forma de flor.




Fig. 6 a



Fig. 6 b




Fig. 6 c




Fig. 6 d

PENAS DE ZANFOGA E S. VICENZO

Localización en coordenadas: W.M. 3º 44' 35'' - 42º 46'.

Dimensiones da pena: Como nos referimos a varias penas as dimensións son tamén variadas.

Orientación da pena: SE-NO.

Características predominantes: Cazoletas ou coviñas de distintas dimensións.

Caráptula característica: Cazoletas.

Orientación das insculturas: Varias.

Orientación da inscultura a inscultura: Varias.

Otras peculiaridades: Hai unha que ten as cazoletas nunha determinada dirección "Peña dos enamorados", figura 6 a-b— e outra que ten unha figura mixta en forma fouce, figura 6 b.



Fig. 7 a




Fig. 7 b



Fig. 7 c



Fig. 7 d

PENA DO POMBAL

(Entre Fonte e Masiz)

Localización en coordenadas: W.M. 3º 44' 33" - 42º 46' 36".

Dimensíóns da pena: Aprox. 1,50 m. de diámetro en ambas direccíons.

Orientación da pena: E semiesférica.

Insculturas predominantes: Cazoletas e "cambeiriformes".

Inscultura característica: "Cambeiriformes".

Orientación das insculturas: Hacia S.O.

Distancia de inscultura a inscultura: Están moi acuguladas.

Outras peculiaridades: Representa esa inscultura peculiar da estación rupestre sarriana en forma de cambeiro, verea ou meandro. A concentración parcelaria meteúna de firme nunha carretera. Decía o dono que era o chan dun antiguo pombeiro.



Fig. 8 a



Fig. 8 b



Fig. 8 c

A PENA DA "CONSTELACION" (Entre Fonte e Masiz)

Localización en coordenadas: W.M. 3º 44' 30'' - 42º 44' 25''.

Dimensíóns da pena: 2 m. de ancho na parte maior e 1 de outo.

Orientación da pena: Mira cara ó SO. a laxe insculturada.

Insculturas predominantes: Cazoletas na parte outa e coviña na falda da pena.

Inscultura característica: Na parte baixa insculturas moi mestas.

Orientación das insculturas: Cara ó S.O.

Distancia de inscultura a inscultura: Moi xunta na falda e mais separadas no outo.

Outras peculiaridades: E a única que ten unha roca mixta: granito e pizarra. E tamén a única inscultura en pizarra que atopamos nesta estación rupestre.




Fig. 9 a




Fig. 9 b




Fig. 9 c

PENA DAS FERRADURAS

(Por encima da igrexa de S. Pedro de Masiz)

Localización en coordenadas: W.M. 3º 44' 50" - 42º 47' 7".

Dimensión da pena: 3 m. SO-NE e 2,80 m. do NO-SE.

Orientación da pena. Do NO-SE, en canto o seu declive.

Insculturas predominantes: "Cambeiriformes" e ferraduras e pegadas de animais.

Inscultura característica: Unha especie de circo enrexado.

Orientación das insculturas: Do NE. o SO.

Distancia de inscultura a inscultura: Tenas un pouco espalladas.

Outras peculiaridades: E unha pena de erosión rápida.




Fig. 10 a




Fig. 10 b



Fig. 10 c

PENA DE VILLERMA

Localización en coordenadas: W.M. 3º 45' 30" - 42º 47' 23".

Dimensíóns da pena: 3 m. por 3 m. de diámetro.

Orientación da pena: Do NE. descende pró SO.

Insculturas predominantes: Covñas e canles "Cambeiriformes".

Inscultura característica: Unha figura como esquema de face antropomorfa.

Orientación das insculturas: Do NE. descenden pró SO.

Distancia de inscultura a inscultura: Varían entre os 3 e os 20 cms.

Outras peculiaridades: Hai outra alí ó lado que se chama a Pena da Moura, da que contan os veciños a súa lenda, e que tamén ten unhas poucas cazoletas, A pena de Villerma xa ten buracos pra barrenala.




Fig. 11 a



Fig. 11 b




Fig. 11 c

A PENA DO "MENCER" (A beira do Castro de Santestebo)

Localización en coordenadas: W.M. 3º 44' 26" - 42º 46' 52".

Dimensíóns da pena: 3 m. de N-S, e 2,50 do E-O.

Orientación da pena: Escorrega hacia ó Este.

Insculturas predominantes: Cazoletas e algúns "cambeiriforme".

Inscultura característica: Unha especie de cazoletas e forma de escadas, ou millor banzos de escaleira.

Orientación das insculturas: Do outo, ó N., descende hacia o Este.

Distancia de inscultura a inscultura: Desigual, aínda que mais ben espalladas.

Outras peculiaridades: Chamámola do "Mencer" porque a atopamos nesta hora, cando lle daba o sol de cara.




Fig. 12 a




Fig. 12 b



Fig. 12 c



Fig. 12 d



Fig. 12 e




Fig. 12 f

PENA "CITANIA"

(Entre Fonte e Santestebó)

Localización en coordenadas: W.M. 3º 44' 32" - 42, 47' 8".

Dimensíóns da pena: De SO-NE, 3,50 m.; e de NO-SE, 2,50 m.

Orientación da pena: Ó seu longo e á súa cara mira ó SO.

Insculturas predominantes: Cazoletas, coviñas, "cambeiriformes", liñas que como se foran camiños unen algunas covas...

Inscura característica: Un múltiple circo concéntrico cortado por radios.

Orientación das insculturas: Dendo cume ó NE. á falda no SO.

Distancia de insculta a insculta: Hai apiñados no cume e segundo se vai baixando vanse espallando...

Outras peculiaridades: Chamámoslle Citania porque o conxunto da a impresión de ser o plano dunha citania.




Fig. 13 a



Fig. 13 b




Fig. 13 c

PENA DE SANTESTEBO

Localización en coordenadas: W.M. 3º 44' 20'' - 42º 47'.

Dimensíóns da pena: Do NO-SE, 2 m.; e do SO. ó NE., 1 m.

Orientación da pena: Do NO. descendo pró SE.

Insculturas predominantes: Combinacíons de circoformes con coviñas.

Inscultura característica: A posible estilización dunha figura humana coroada con varios circos.

Orientación das insculturas: Do NO. ó SL.

Distancia de inscultura a inscultura: De 5 a 10 centímetros.

Outras peculiaridades: Está no antecastro do Castro de Santestebo, onde se recolleron restos arqueolóxicos castrexos. Os canles parecen un pouco más finos e menos rebaixados cos da maioría.




Fig. 14 b



Fig. 14 a




Fig. 14 c

PENA DA CANTEIRA

(Entre os kms. 1-2 da carretera de Sarria a Goyán)

Localización en coordenadas: W.M. 3º 44' 13'' - 42º 47' 28''.

Dimensíóns da pena: 1,50 m. por 1 m.

Orientación da pena: Do NO. descende para o SE.

Insculturas predominantes: Covachas circoformes, radios e cruces.

Inscultura característica: O conxunto que están formando.

Orientación das insculturas: No NO. descenden para o SE.

Distancia de inscultura a inscultura: Menos de 10 centímetros a maioría, pero dúas covachas quedan ailladas do conxunto mais de vinte centímetros.

Outras peculiaridades: Esta pedra xa desapareceu engulida pola canteira de brita que hai alí.



Fig. 15 a




Fig. 15 b




Fig. 15 c

PENA DA "VIA LACTEA"

(Entre os kms. 1-2 da carretera de Sarria a Goyán)

Localización en coordenadas: W.M. 3º 44' 25" - 42º 47' 30".

Dimensíóns da pena: Do E-O ten 2,50 m., e S-N ten 2 m.

Orientación da pena: Do E-O.

Insculturas predominantes: Cazoletas e coviñas e un circo con centro en coviña.

Inscultura característica: A disposición do conxunto, en ringleira.

Orientación das insculturas: Do E-O.

Distancia de inscultura a inscultura: Menos dos 10 cms. a maioría.

Outras peculiaridades: A disposición do conxunto fixonos pensar que aquela ringleira era tencionada, e podería querer ser unha representación do ceo de estrelas...





Fig. 16 a

Fig. 16 b



PENA DE SANTA CRISTINA

Localización en coordenadas: W.M. $3^{\circ} 44' 11''$ - $42^{\circ} 47' 32''$.

Dimensíóns da pena: 2 m. por 1,20 m.

Orientación da pena: Do N-S, aproximadamente.

Insculturas predominantes: Covñas e dous círculos concéntricos.

Inscultura característica: Os círculos concéntricos.

Orientación das insculturas: Dirección N-S, aproximadamente.

Distancia de inscultura a inscultura: Un núcleo xunto e outras espalladas.

Outras peculiaridades: Non teño mais ca un dibuxo feito no momento de alcontrala e cando a quisen buscar de novo, polo cambeado da vexetación, non a atopéi.




Fig. 17 a




Fig. 17 b



Fig. 17 c



Fig. 17 d

PENA "DOS SACRIFICIOS"

(Está no Monte de San Cibrao)

Localización en coordenadas: W.M. 3º 43' 25" - 42º 48' 52".

Dimensíóns da pena: Pouco mais ou menos que dous metros.

Orientación da pena: Debalada cara ó nacente.



Insculturas predominantes: Unha grande cazoleta e unha rede de canles vertedeiros.

Inscultura característica: A tencionada relación do conxunto.

Orientación das insculturas: No sentido de vertente: do O-E.

Distancia de inscultura a inscultura: A maiores do conxunto xeral hai unhas cazoletas más que quedan de 10 a 20 cms.

Outras peculiaridades: Hai outras penas insculturadas na zona, e todas elas de cazoliñas e coviñas.



PENA "DO ROMEO"

Localización en coordenadas: W.M. 3º 45' 06" - 42º 47' 02".

Dimensíóns da pena: 2,50 m. de N-S, e 2 m. de E-O.

Orientación da pena: SE-NO.

Insculturas predominantes: Coviñas e "cambeiriformes".

Inscultura característica: Cambeiriformes.

Orientación das insculturas: NO-SE.

Distancia de inscultura a inscultura: Poucos centímetros.

Outras peculiaridades: Poñémola aquí porque pode representar en certo modo o mais característico desta estación. Hoxe está cuberta polo firme dunha pista, obra do IRYDA.

A XEITO DE CONCLUSION

Aínda que xa se leva estudiado e dito moito sobre das insculturas atlánticas, sen dúbida que ainda é pouco o que se pode concluir de certo sobre delas, agás dos xacementos atopados e da tipoloxía que adoita haber neles.

En canto a cronoloxía relativa, pódese falar con certa seguranza dun período longo de tempo que vai dende o Calcolítico ata o Bronce Final.

Pero saber como se deron estas etapas en cada estación rupestre segue sendo mais campo da hipótese que da seguranza científica. E, polo mesmo, tódolo que se diga da ecoloxía, da economía, da socioloxía ou da cultura-relixión cae tamén baixo este mesmo campo da hipótese mais o menos verosímil.

Penso que os achádegos rupestres da estación sarriana non van axudar, por hoxe, a resolver estes problemas da arqueoloxía de Galicia, pero a recolleita fiel de datos sempre poderá ser unha axuda mais para establecer ou confirmar hipóteses no futuro.

En principio, xa podemos afirmar que, cando se di que son vestixios dunha cultura atlántica, non podemos pensar só nunha franxa costeira, como dan a entender algúns autores. Haberá que pescudar en moitos outros paraxes, tanto do litoral nordeste como no interior de Galicia e só despois dunha laboura sistemática de rastreo poderase facer o mapa rupestre real, e logo tirar as conclusións pertinentes.

En canto a tipoloxía e a técnica dos trazos atopados na estación sarriana podemos afirmar que nun 90% son semellantes ós da costa atlántica. As diferencias veñen dadas, polo ata agora achado, en que os deste xacemento:

- teñen menos afondados os canles dos trazos en xeral.
- fan uso das figuras mais sinxelas, mais esquemáticas e, polo mesmo, menos figurativas.
- e aportan o trazo qué demos en chamar “cambeiriforme”, que pola abundancia en que aparece, pola dirección debalante e pola case exclusividade conque se atopan nalgúnhas penas, poderíamos decir que é característico desta estación sarriana.

Están situados en lugares de asentamento habitual ou permanente ó longo de moitos períodos prehistóricos como testemuñan a presencia de restos megalíticos e castrexos na mesma área ou terreo.

En tódolas subestacións existen más penas con insculturas cas que gráficamente recollemos, pero en todas elas cáseque só teñen cazoliñas ou coviñas.


Isto é tódolo que podemos aportar de momento no referente as insculturas atopadas en Sarria. Penso, polo demais, que os problemas que temos por desembelleñar na cultura rupestre, en xeral, poida que aínda encrenquen mais nesta estación interior sarriana polo aillada que está do resto das estacións, cáseque todas elas situadas tirando cara a costa atlántica, aínda que entre as dúas zonas hai outras áreas graníticas. Unha vez más plantéxanse aquí as mesmas preguntas e problemas:

¿Pódese aplicar ás sarrianas a mesma cronoloxía absoluta cás costeiras? A resposta que se dea ha de depender necesariamente da que se dea a estas outras preguntas: ¿Teñen ámbalas dúas unha orixe simultánea, común e única, ou unha

precede e procrea á outra? ¿De onde veñen e a onde van e que rutas seguen no seu espallamento? ¿Da costa ó interior ou do interior á costa? ¿Canto poden tardar en chegar dunha estación á outra e por cantas se pasa no intre? ¿Qué elementos novos se engaden e se perden sobor da marcha e por qué?

Teráse que seguir traballando arreo para ver de chegar a dar resposta a preguntas coma estas e a outras ainda de mais fuste. A recolleita de datos abondosos e fidedignos é o primeiro por facer.

Sarria, 26 de febreiro de 1984



Localización da comarca de Sarria con indicación da área do mapa escala 1:25.000 onde se sinalan as estacións rupestres.

